



CURSO BÁSICO

SANTIAGO DE
COMPOSTELA 2019

SETEMBRO ► 6/7/14/27/28

OUTUBRO ► 5/19

NOVEMBRO ► 8/9

ORGANIZA ► COLEXIO OFICIAL
DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

XÉNERO, PERSPECTIVA DE XÉNERO E VIOLENCIA DE XÉNERO

PARA PROFESIONAIS DA PSICOLOXÍA
CLÍNICA E SANITARIA

Imaxe empregada: *Orixen en común* de Juan Camilo Cerón Pérez.
Gañador do Concurso "Cartaces pola Igualdade 2017"

**En trámite a solicitude de recoñecemento de interese sanitario
pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.*

LUGAR DE CELEBRACIÓN ►	Santiago de Compostela
DATAS – 2019 ►	SETEMBRO – 6 / 7 / 14 / 27 / 28 OUTUBRO – 5 / 19 FACULTADE DE PSICOLOXÍA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO NOVEMBRO – 8 / 9 ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (EGAP)
TOTAL DE HORAS ►	64 HORAS LECTIVAS
HORARIO ►	VENRES (6/09) – 15.30 a 20.30 H VENRES (27/09) – 16.00 a 20.00 H VENRES (8/11) – 10.00 a 14.00 H / 16.00 a 20.00 H SÁBADOS – 10.00 a 14.00 H / 16.00 a 20.00 H

COMITÉ ORGANIZADOR ►

Fátima López Rodríguez

Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora da Comisión de Xénero do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

María Jesús López Cernadas

Representante da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Mª Begoña Castro Iglesias

Representante da Sección de Psicoloxía Educativa do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Mercedes Fernández Cabana

Representante da Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Rubén Villar Trencó

Coordinador do Programa "Abramos o Círculo" do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Mª Luz Losada Somoza

Coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero (PAPMVX) do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Concepción Fernández Martínez

Representante da Sección de Psicoloxía Xurídica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Sandra Iglesias Rodríguez

Representante da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Cristina García Núñez

Grupo de Traballo dos CIM's do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Jésica Rodríguez Czaplicki

Representante do Grupo de Traballo de Psicoloxía Perinatal do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

DIRIXIDO A



- **Psicólogos/as colexiados/as especialistas en Psicoloxía Clínica.**
- **Psicólogos/as xerais sanitarios/as colexiados/as.**
- **Psicólogos/as colexiados/as coa habilitación da Consellería de Sanidade para o Exercicio de Actividades Sanitarias.**

OBXECTIVOS




XERAIS ► Esta formación está encamiñada a facilitar unha formación básica e especializada en xénero, violencia de xénero e perspectiva de xénero, dirixido a profesionais da psicoloxía no ámbito da saúde co obxectivo de facilitar a integración dunha mirada de xénero que nos permita desde a nosa vida e o noso ámbito profesional superar a inequidade (Desigualdades innecesarias, evitables e inxustas) e deste modo atender ao carácter ético asociado ca xustiza social e DDHH.

ESPECÍFICOS ►


- Sensibilizar os e as profesionais acerca da magnitude, gravidade e impacto na saúde da violencia de xénero.
- Optimizar a prevención, detección e atención dos efectos da violencia de xénero.
- Adecuar a actuación profesional á demanda e ao momento do proceso de violencia en que se atopan as persoas afectadas.
- Mellorar os circuitos de coordinación e derivación entre os diferentes niveis de atención sanitaria e cos recursos comunitarios, para dar cobertura ás diferentes persoas afectadas por esta situación.
- Ofrecer aos/ás profesionais sanitarios/as unha serie de recomendacións, en referencia á abordaxe cos homes que exercen violencia, para mellorar a detección precoz, tratamento e/ou derivación a servizos especializados.

METODOLOXÍA




Formación teórico práctica básica para facilitar á comprensión e integración que se imparta nos diferentes módulos.

PREZO



Gratuito.

INSCRICIÓN



Directamente na sede do Colexio ou ben remitindo copia do boletín de inscrición ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia por correo electrónico, correo postal ou fax.

Na admisión respectarase rigorosamente a orde de entrada, para o que se terá en conta tanto a data de rexistro de entrada das solicitudes enviadas por correo ordinario, fax, correo electrónico ou entregadas persoalmente na sede do Colexio no momento de recibilas, como a data de certificación de Correos no momento de envialas cando se empregue ese medio:

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarse por e-mail a admisión ou non admisión:

Ao finalizar a actividade entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% das sesións.


Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Deberase estar en posesión do Título de Psicólogo/a Especialista en Psicoloxía Clínica, Máster de Psicoloxía Xeral Sanitario ou estar habilitado/a pola Consellería de Sanidade para o exercicio de actividades sanitarias.

Último día de inscrición – **26 de agosto de 2019.**

ENTREGA DE MATERIAL ► VENRES [6/09] – 15.30 a 16.00 H

REPRESENTACIÓN INSTITUCIONAL ► VENRES [6/09] – 16.00 a 16.30 H

MÓDULO 1



A PERSPECTIVA DE XÉNERO, A DESIGUALDADE BASEADA NO XÉNERO E A VIOLENCIA DE XÉNERO COMO A SÚA MANIFESTACIÓN MÁIS CRUENTA (4 Horas).


Data ► 6 de setembro de 2019

Docente ► Ritxar Bacete González

Coordinadores do módulo ►

Rubén Villar Trencó e Fátima López Rodríguez

MÓDULO 2



APEGO, TRAUMA E DISOCIACIÓN (8 Horas).

Data ► 7 de setembro de 2019

Docente ► Natalia Seijo Ameneiros

Coordinadores do módulo ►

Rubén Villar Trencó e Fátima López Rodríguez

MÓDULO 3



A DETECCIÓN E A INTERVENCIÓN COAS PERSOAS AFECTADAS POLA VIOLENCIA DE XÉNERO (MENORES/ ADOLESCENTES, MULLERES E HOMES) (8 Horas).

Data ► 14 de setembro de 2019

Docentes ►

Raúl Taboada Santos

Carmen Rocío Chacón Piñeyro


Jone Ojeda Macía

Carolina Iglesias Vázquez

Coordinadoras do módulo ►

M^a Luz Losada Somoza e Cristina García Núñez

MÓDULO 4



**CONSIDERACIÓNS ÉTICAS E LEGAIS NA INTERVENCIÓN
EN VIOLENCIA DE XÉNERO** [4 Horas].


Data ► 27 de setembro de 2019

Docentes ► Cecilia Barros Díaz.

Coordinadoras do módulo ►

**Concepción Fernández Martínez e Sandra Iglesias
Rodríguez**

MÓDULO 5



**XÉNERO, VIOLENCIA DE XÉNERO E PSICOPATOLOXÍA EN
ATENCIÓN PRIMARIA** [8 Horas].

Data ► 28 de setembro de 2019


Docente ► María Villarino González

Coordinadoras do módulo ►

**Concepción Fernández Martínez e Sandra Iglesias
Rodríguez**



MÓDULO 6



AS VIOLENCIAS INVISIBLES QUE TAMÉN SON DE VIOLENCIAS DE XÉNERO [8 Horas].

Data ► **5 de outubro de 2019**

VIOLENCIA SOCIAL E INSTITUCIONAL CONTRA AS MULLERES CON TRASTORNO MENTAL [2 Horas].

Docente ► **Paula Tomé Espiñeira**

A TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL, LABORAL, ETC... [2 Horas].

Docente ► **Silvia Pérez Freire**

A VIOLENCIA OBSTÉTRICA [2 Horas].

Docente ► **Diana Sánchez Sánchez**

O ABUSO SEXUAL [2 Horas].

Docentes ►


Idoya Jarabo Marquina

Inmaculada Araújo López

Coordinadoras do módulo ►

Mercedes Fernández Cabana e Jérica Rodríguez Czaplicki

MÓDULO 7



O AUTOCOIDADO DO/A PROFESIONAL QUE TRABALLA EN VIOLENCIA DE XÉNERO [8 Horas].

Data ► **19 de outubro de 2019**


Docentes ►

Berta Fernández Méndez

José Andrés Pérez Vidal

Coordinadoras do módulo ►

Begoña Castro Iglesias e Mª Jesús López Cernadas



RECURSOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A INTERVENCIÓN CON PERSOAS AFECTADAS POLA VIOLENCIA DE XÉNERO. PARTE I

(16 Horas, venres e sábado).

Data ► 8 de novembro de 2019 (8 Horas)

**MESA 1 / DISPOSITIVOS DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN:
FFCCSS, QUENDA, OAV, PROTOCOLO CONXUNTO GIPCE-
PAPMVX. (4 Horas).**

Docentes ►

Fátima López Rodríguez

Mª Luz Losada Somoza

Eva Rodríguez López

Psicólogo/a da Oficina de Atención a Vítimas (OAV)

**MESA 2 / SERVIZOS DE ATENCIÓN EN VIOLENCIA
DE XÉNERO: CIM'S, CRI, PROGRAMAS DE ATENCIÓN
PSICOLÓXICA ESPECIALIZADOS A PERSOAS AFECTADAS
POR VIOLENCIA DE XÉNERO: PAPMVX E ABRAMOS O
CÍRCULO. (4 Horas).**

Docentes ►

Consuelo Neira Leis


Susana Costas Durán

Mª Luz Losada Somoza

Rubén Villar Trencó

Coordinadoras do módulo ►

**Fátima López Rodríguez, María Jesús López Cernadas,
Mª Begoña Castro Iglesias, Mercedes Fernández
Cabana, Rubén Villar Trencó, Mª Luz Losada Somoza,
Concepción Fernández Martínez, Sandra Iglesias
Rodríguez, Cristina García Núñez e Jesica Rodríguez
Czaplicki**



**RECURSOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA
PARA A INTERVENCIÓN CON PERSOAS AFECTADAS
POLA VIOLENCIA DE XÉNERO. PARTE II**
(16 Horas, venres e sábado).

Data ► **9 de novembro de 2019** (8 Horas)

MESA 3 / IMELGA, PROTECCIÓN DE MENORES (4 Horas).

Docentes ►

Paula Souto Casto

José Ramón Padín Torrado

**MESA 4 / RECURSOS SOCIAIS ESPECÍFICOS: CRUZ
ROJA, CASA DE ACOLLIDA, PUNTO DE ENCONTRO DA
FUNDACIÓN MENIÑOS, AXUDAS ECONÓMICAS** (4 Horas).

Docentes ►

Noelia Marta Gantes

M^a Jesús Olivares Rodríguez

Cristina Allo Mouro

María Belén Liste Lázara

Coordinadoras do módulo ►

**Fátima López Rodríguez, María Jesús López Cernadas,
M^a Begoña Castro Iglesias, Mercedes Fernández
Cabana, Rubén Villar Trencó, M^a Luz Losada Somoza,
Concepción Fernández Martínez, Sandra Iglesias
Rodríguez, Cristina García Núñez e Jesica Rodríguez
Czaplicki**

DOCENTES



RITXAR BACETE GONZÁLEZ

Licenciado en Antropoloxía Social e Cultural. Diplomado en Traballo Social. Especialista en xénero e masculinidades. Coordinador do Programa de Investigación Proyecto NEO da Fundación CEPAIM. Máster de investigación en estudos feministas e de xénero.

NATALIA SEIJO AMENEIROS | G-2322

Licenciada en Psicoloxía. Habilitada pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia para o exercicio de actividades sanitarias. Psicoterapeuta con especialidade en trauma complexo, apego e disociación. Directora desde hai máis de 20 anos do Centro de Psicoterapia e Trauma en Ferrol (A Coruña). Supervisora e facilitadora de EMDR e diferentes enfoques de trauma. Membro do PAPMXV do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia desde a súa instauración. Compaxina o traballo en terapia con pacientes co seu labor como relatora nacional e internacional en congresos e obradoiros especializados.

RAÚL TABOADA SANTOS | G-5846

Psicólogo infanto-xuvenil con Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria. Formación certificada en EMDR (níveis I e II). Trauma e apego. Apego e adopcións. Centro INTRA-TP, Instituto de Investigación e Tratamento do Trauma e Trastornos de Personalidade.

CARMEN ROCÍO CHACÓN PIÑEYRO | G-4826

Psicóloga Xeral Sanitaria. Experta en trastornos da personalidade e trauma. Centro INTRA-TP, Instituto de Investigación e Tratamento do Trauma e Trastornos de Personalidade.

JONE OJEDA MACÍA | G-4682

Terapeuta do PAPMVX e Abramos o Círculo. Psicóloga Xeral Sanitaria. Licenciada en Psicoloxía pola U. de Deusto. Máster en intervención en ansiedade e estrés. Coordinadora do Programa nAmorAndo de prevención de violencia de xénero en primaria e secundaria do Concello de Pontevedra. Colaboradora externa do CIM de Pontevedra na atención a vítimas de violencia de xénero. Posta en marcha de programas de autoestima para mulleres no CIM de Poio.

CECILIA BARROS DÍAZ

Licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela. Avogada con máis de dez anos de experiencia na defensa e asistencia letrada na violencia de xénero. Asesora Xurídica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

MARÍA VILLARINO GONZÁLEZ | C-26339

Licenciada en Psicoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela no ano 2013. Especialista en psicoloxía clínica vía PIR. Experta en psicoterapia infanto-xuvenil. Experiencia como psicóloga clínica no Programa de Soporte á Atención Primaria en Cataluña e posteriormente no Centro de Información á Muller de A Coruña.

PAULA TOMÉ ESPÍNEIRA

Membro da Asociación Feministas de Iruñea. Licenciada en Filoloxía. Actualmente dedícase a docencia. Máster en Educación, Xénero e Igualdade pola Universidade de Santiago de Compostela, cun TFM sobre a saúde mental con perspectiva feminista. Desde o ano 2011 participa en diferentes proxectos vencellados ao activismo da saúde mental en primeira persoa, entre eles o programa de radio Prometea [Cuac.fm].

SILVIA PÉREZ FREIRE

Doutora e licenciada en Socioloxía. Investigadora social experta en violencia de xénero (Vigo). Na actualidade exerce como socióloga elaborando proxectos sociais para ONG's, como investigadora freelance para diversas universidades, administracións públicas e centros de estudos, así como formadora especializada en xénero.

DIANA SÁNCHEZ SÁNCHEZ | M-17416

Psicóloga. Socia fundadora e vicepresidenta de Asociación Española de Psicología Perinatal (AEPP). Na actualidade e desde hai máis de 16 anos, exerce como psicóloga perinatal e sexóloga en consulta privada. Fundadora do Grupo de Psicología Perinatal do COP Madrid.

IDOYA JARABO MARQUINA | G-3178

Psicóloga habilitada para o exercicio de actividades sanitarias. Terapeuta familiar acreditada. Traballa como psicóloga no Programa de Intervención Ambulatoria con Adolescentes en conflito Alborada (Vigo) e A Carón Gabinete de Psicología, S.L.P. (Gondomar). Terapeuta nos programas de atención psicolóxica a vítimas de violencia de xénero PAPMVX e Abramos o Círculo do Colexio Oficial de Psicología de Galicia. Formación específica en EMDR, abuso sexual infantil e violencia de xénero.

INMACULADA ARAÚJO LÓPEZ | G-3939

Psicóloga habilitada para o exercicio de actividades sanitarias. Terapeuta familiar e educadora social. Traballa como psicóloga no Programa de Intervención Ambulatoria con Adolescentes en Conflito Alborada (Vigo). Vicepresidenta da Asociación Abuso e Maltrato Infantil NO-GALICIA (AMINO). Creadora de ferramentas terapéuticas e/ou de prevención dirixidas á infancia e adolescencia.

BERTA FERNÁNDEZ MÉNDEZ | G-2563

Membro do equipo de psicólogos do Centro de Psicología Cambio. Especialista en Psicología Clínica. Psicoterapeuta acreditada pola European Federation of Psychologist Associations. Máster en terapia familiar sistémica e máster en mindfulness e compaixón aplicada a tratamentos psicolóxicos por AEmind. Formación especializada en terapia focalizada na compaixón, disociación e trauma, hipnose clínica, EMDR e mindfulness.

JOSÉ ANDRÉS PÉREZ VIDAL | G-2181

Membro do equipo de psicólogos do Centro de Psicología Cambio. Especialista en Psicología Clínica. Psicoterapeuta acreditada pola European Federation of Psychologist Associations. Máster en terapia familiar sistémica. Formación especializada en terapia focalizada na compaixón, hipnose clínica, técnicas de relaxación, tratamento da dor e mindfulness.

RUBÉN VILLAR TRENCO | G-3353

Licenciado en Psicología no ano 2002 na Universidade de Santiago de Compostela. Psicólogo habilitado para o exercicio de actividades sanitarias. Desde febreiro de 2013 desempeña o labor de coordinador do Programa "Abramos o Círculo" do Colexio Oficial de Psicología de Galicia. Título de experto en Psicología Forense. Técnico EMDR (Nivel I e II). Membro da Comisión Intersectorial de Xénero do Colexio Oficial de Psicología de Galicia.

Mª LUZ LOSADA SOMOZA | G-3303

Licenciada en Psicología no ano 2001 pola Universidade de Santiago de Compostela. Psicóloga habilitada para o exercicio de actividades sanitarias. Exerce o labor de coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que sufran Violencia de Xénero (PAPMVX) desde o marzo de 2019. Membro do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG. Directora do Centro 2T Psicología de Cambados e Pontevedra.

FÁTIMA LÓPEZ RODRÍGUEZ | G-2712

Licenciada en Psicología no ano 2000 pola Universidade de Santiago de Compostela. Psicóloga habilitada para o exercicio de actividades sanitarias. Terapeuta familiar e criminóloga. Formación acreditada en terapia EMDR (Nivel I e II). Vogal da Xunta de Goberno e coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero do Colexio Oficial de Psicología de Galicia. Entre o 1 de xaneiro de 2014 ata marzo de 2019 desempeñou o labor de coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que sufran Violencia de Xénero (PAPMVX) do Colexio Oficial de Psicología de Galicia.

EVA RODRÍGUEZ LÓPEZ

Policía Nacional desde o ano 2000. Desde o ano 2010 forma en parte en Ourense da UPAP, Unidades de Prevención e Protección de Víctimas, que no ano 2018 converteuse na UFAM, Unidade de Familia e Muller. Experiencia en violencia de xénero, doméstica e sexual.

CONSUELO NEIRA LEIS

Funcionaria de Xestión da Xunta de Galicia desde o ano 2005, con destino na Secretaría Xeral de Igualdade desde o 2013. Xefa de Sección no Punto de Coordinación de Ordes de Protección, posteriormente Xefa do Servizo de Administración e Xestión. Desde 2017 Directora do Centro de Recuperación Integral (CRI) para mulleres que sofren Violencia de Xénero e coordinadora da Rede Galega de Acollemento de vítimas de violencia de xénero.

SUSANA COSTAS DURÁN | G-2777

Licenciada en Psicología e máster en intervencións de psicoterapia familiar sistémica, na Universidade de Salamanca. Desenvolve o seu labor profesional como psicoterapeuta ao longo de 18 anos, tanto no ámbito da psicología privada como na pública. En 2000 participou nun programa psicoeducativo de técnicas de autocontrol para penados por delitos de sangue no Centro Penitenciario Topas (Salamanca). Entre 2001 e 2006 foi terapeuta no programa Abramós o Círculo e entre 2004 e 2006 no PAPMVX. Actualmente exerce como psicóloga no CIM de Gondomar.

PAULA SOUTO CASTRO | G-5427

Psicóloga forense adscrita ao Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA) da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia en Santiago de Compostela. Sección de Violencia de Xénero. Máster en psicoloxía xurídica e peritaxe psicolóxico forense. Terapeuta familiar e experta en programas de intervención familiar. Especialista en intervención psicoeducativa de menores en desamparo e conflito social.

JOSÉ RAMÓN PADÍN TORRADO | G-1473

Psicólogo da Oficina de Atención a Vítimas (OAV) de Vigo. Licenciado en Psicoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela. Psicólogo no equipo de intervención de menores desde o ano 2001 ata o ano 2018 na Xefatura Territorial de Vigo da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia. No ano 2001 participou como psicólogo nun convenio entre a Fundación Aldaba e o Concello de Vigo no ámbito da prevención da violencia infantil.

NOELIA MARTA GANTES

Diplomada en Traballo Social pola Universidade de Santiago de Compostela. Especialista en xénero e igualdade no Instituto da Muller. Posgrado sobre especialista en tutela de colectivos en risco de exclusión social e máster en xénero e políticas de igualdade entre mulleres e homes. Experiencia como docente en módulos de políticas de igualdade. Responsable do programa de Teleasistencia Móvil para Vítimas de Violencia de Xénero e do Programa Muller en Dificultade Social en Cruz Roja Española desde 2006.

M^a JESÚS OLIVARES RODRÍGUEZ

Traballadora Social experta en xénero. Comezou a súa intervención social no eido da atención ás persoas maiores. Máster en igualdade e estudos de xénero da Universidade de Vigo. Máster de educación para igualdade da Universidade de A Coruña. Traballou na posta en marcha do Proxecto de Atención a Mulleres que exercen a prostitución da Cruz Vermella. Creou xunto coa súa compañeira o Proxecto Xenerando S.C. e traballou na elaboración e avaliación de plans de igualdade, formación a profesionais da saúde e da intervención social. FCS en materia de intervención con mulleres en situación de prostitución e violencia de xénero. Na actualidade leva 10 anos na Casa de Acolida de Ferrol para mulleres en situación de violencia de xénero. Desde hai dous anos participa na formación en igualdade no módulo Nelson Mandela de Teixeiro.

CRISTINA ALLO MOURO

Coordinadora e técnica de intervención familiar do Punto de Encontro Familiar xestionado por Fundación Meniños en Pontevedra. Diplomada en Educación Social pola Universidade de A Coruña en 2011. Máster en prevención e intervención psicolóxica en problemas de conduta.

MARÍA BELÉN LISTE LÁZARA

Funcionaria do Corpo Superior da Administración da Xunta de Galicia e desde 2005 ocupa o posto de Subdirectora Xeral para o Tratamento de Violencia de Xénero da Secretaría Xeral de Igualdade. Colaborou como relatora, docente e coordinadora en diferentes actividades de formación no eido da prevención e tratamento da violencia de xénero, así como en programas internacionais relativos a esta materia e outras afíns, como a trata de seres humanos. Preside a Comisión Asesora da Publicidade Non Sexista, constituída dentro do Observatorio Galego da Violencia de Xénero.

CURSO BÁSICO "XÉNERO, PERSPECTIVA DE XÉNERO E VIOLENCIA DE XÉNERO PARA PROFESIONAIS DA PSICOLOXÍA CLÍNICA E SANITARIA"

NOME E APELIDOS ▶	
TFNO ▶	Nº DE COLEXIADO/A ▶
E-MAIL ▶	
ENDEREZO ▶	
CIDADE ▶	C.P. ▶
PROFESIÓN ▶	CENTRO DE TRABALLO ▶
DNI/NIF ▶	

- ☐ Psicólogo/a Colexiado/a especialista en Psicoloxía Clínica.
- ☐ Psicólogo/a xeral sanitario/a Colexiado/a.
- ☐ Psicólogo/a Colexiado/a coa habilitación da Consellería de Sanidade para o Exercicio de Actividades Sanitarias.

En cumprimento do Regulamento Europeo de Protección de Datos informámoslle que tratamos a información que vostede nos facilita e cumprimos coa normativa vixente en materia de protección de datos. O responsable do tratamento é Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, con CIF Q1500265B, con domicilio en Rúa Espiñeira, 10, baixo, Santiago de Compostela, provincia da Coruña, con número de teléfono 981534049. A finalidade principal é manter as relacións que nos vinculan, en especial cumprimento das obrigas ás que vén sometida a organización debido á Lei de Colexios Profesionais e demais normativa vinculante, é dicir, exercicio competencias públicas, así como o consentimento, e o interese lexítimo tanto propio como da entidade.

Vostede ten dereito a obter confirmación sobre se estamos a tratar os seus datos persoais, por tanto ten dereito a acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos ou solicitar a súa supresión cando os datos xa non sexan necesarios en calquera momento. En determinadas circunstancias, poderá solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso unicamente conserváremos para o exercicio ou a defensa de reclamacións, tamén poderá, por motivos relacionados coa súa situación particular opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que lle identifique dirixido a copgalicia@copgalicia.gal ou dirixíndose ás nosas dependencias. Unha vez cumprimentados os fins para os cales foron obtidos os datos, os mesmos serán destruídos conforme á normativa vixente. Informámoslle que a nosa Delegada de Protección de Datos é dona Cecilia Barros Díaz, con contacto no número de teléfono 981894601 e correo electrónico copgalicia@copgalicia.gal. Pode consultar a información adicional e detallada sobre a nosa política de privacidade no taboleiro da entidade ou na páxina web www.copgalicia.gal

ORGANIZA



COLABORA



XUNTA DE GALICIA

